

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 8 DE SETEMBRO DE 2020

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día oito de setembro de dous mil vinte, baixo a presidencia da terceira tenente de alcalde, dona Elisa Pestonit Barreiros, reúnese en segunda convocatoria, por non existir quórum para a válida constitución en primeira convocatoria a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro e dona María Dolores Pan Lesta.

Non asisten e presentan escusa don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguinheiro Álvarez e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceros Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 1 de setembro de 2020

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 1 de setembro de 2020 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos catro membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro e dona María Dolores Pan Lesta) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Orde do 2 de setembro de 2020, da Consellería de Sanidade, sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica do COVID-19 nos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada. (Diario Oficial de Galicia número 178-Bis, do 3 de setembro de 2020).

- Decreto 110/2020, do 6 de setembro, da Presidencia da Xunta, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 181, do 7 de setembro de 2020).

3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 28 de agosto ao 3 de setembro do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 1239/2020 e remata coa resolución do concelleiro delegado da área de Cultura, Deportes e Xuventude número 1268/2020, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1239/2020	28-08-2020	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 1 de setembro de 2020
1240/2020	28-08-2020	Aprobación de certificación correspondente á obra "Casa da Cultura de Cambre. Proxecto básico e de execución. Modificado Febreiro 2017. Fase 1", incluída no POS+ 2017, e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes a facturas por importe total de 138.316,38 euros, así como o seu pagamento.
1241/2020	28-08-2020	Rexistro da marca "Son de bares" na Oficina Española de Patentes e Marcas
1242/2020	28-08-2020	Expediente de xeración de crédito número 5/2020. POS+ ADIC. 2/2020 para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles.
1243/2020	28-08-2020	Expediente de transferencia de crédito núm. 7/2020. Investimentos de saneamento e iluminación pública
1244/2020	31-08-2020	Aprobación nómina de agosto de 2020
1245/2020	31-08-2020	Aprobación de facturas e gastos, e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 66.845,92 €
1246/2020	31-08-2020	Aprobación de selo electrónico para a aplicación PMH Acced-e
1247/2020	31-08-2020	Aprobación de despesas dos gastos de Seguridade Social do mes de xullo de 2020, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas, e dos mandamentos de pago das retencións practicadas na nómina do mes de agosto de 2020.
1248/2020	01-09-2020	Obra de illamento de filtracións en cuberta e zona axardinada parte posterior da Escola Municipal de Música (Sigrás)
1249/2020	01-09-2020	Orde de execución por rotura de tubo de acometida á rede municipal de saneamento de augas residuais á altura da rúa Miguel González Garcés, 3
1250/2020	01-09-2020	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela en Aián, Sigrás. Propiedade: J.C.L. e outros
1251/2020	01-09-2020	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita na Pena da Nosa Señora, Cambre. Propietario: J.L.R.V., S.I.M.L e outros
1252/2020	01-09-2020	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Aián, Sigrás. Propiedade: R.P.R. e J.P.P.
1253/2020	01-09-2020	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Leira, Cecebre. Propiedade: M.J.M.P.
1254/2020	01-09-2020	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcelas sitas na Pena da Nosa Señora, Cambre. Propietarios: J.I.L.M. e M.J.J.M.
1255/2020	31-08-2020	Concesión de subvencións ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria do programa de axudas municipais á creación de empresas - Programa Consolida Cambre 2019
1256/2020	01-09-2020	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		nas Gamelas, Anceis. Propietario: Herdeiros de F.S.G.
1257/2020	01-09-2020	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Lugar do Souto, Anceis. Propietario: E.T.G.
1258/2020	01-09-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 42.236,19 euros
1259/2020	01-09-2020	Relación de admitidos para participar no Programa Mañanceiro curso escolar 2020-2021
1260/2020	02-09-2020	Avocación de competencias do primeiro tenente de alcalde, don Juan González Leirós, dende o día 2 ao día 11 de setembro de 2020, ambos os dous incluídos
1261/2020	03-09-2020	Denegación axuda emerxencia social alimentación J.L.T.O.
1262/2020	03-09-2020	Denegación axuda emerxencia social alimentación E.S.L.C.
1263/2020	03-09-2020	Denegación axuda emerxencia social alimentación V.L.G.S.
1264/2020	03-09-2020	Concesión axuda vale alimentos a A.M.A. por importe de 900 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1265/2020	03-09-2020	Concesión axuda vale alimentos a C.L.D.K. por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1266/2020	03-09-2020	Renuncia axuda emerxencia social alimentación Y.S.E.L.
1267/2020	03-09-2020	CM Supernova, S.L.U. / Proxeccións de cine
1268/2020	03-09-2020	Programación Cultural de Cambre complementaria aos Programas Rede Cultural da Deputación da Coruña e Cultura no Camiño 2020

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Proposta de modificación na designación de dirección de obra e responsable do contrato da obra "Mellora da pavimentación no Camiño de Brexo e Mercurín", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concello) POS+2019 da Deputación Provincial da Coruña". Expediente núm. 2019/C003/000004

- Proposta de modificación da dirección de obra e responsable do contrato da obra "Mellora da pavimentación no Camiño de Penouviña", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concello) POS+2019 da Deputación Provincial da Coruña". Expediente núm. 2019/C003/000007

- Proposta de adjudicación da obra denominada "Paso de lontras baixa a estrada AC-221 no encoro de Abegondo-Cecebre" á entidade Jardinería Arce, S.L., no prezo ofertado de 11.852,70 € sen IVE, 14.341,77 € IVE incluído. Expediente núm. 2020/C002/000104

sendo aprobada a urxencia de todas as propostas por unanimidade dos catro concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

A) Proposta de modificación na designación de dirección de obra e responsable do contrato da obra "Mellora da pavimentación no Camiño de Brexo e Mercurín", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concello) POS+2019 da Deputación Provincial da Coruña". Expediente núm. 2019/C003/000004

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 4 de setembro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto o expediente de contratación incoado co número 2019/C003/000004 para a contratación por procedemento aberto simplificado da obra "Mellora da pavimentación no Camiño de Brexo e Mercurín", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concello) POS+2019 da Deputación Provincial da Coruña".

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de xuño de 2020 polo que se adjudicou a obra á empresa *Construcciones Ponciano Nieto, S.L.*, no que figura no seu apartado sexto: "Designar como director de obra e responsable do contrato ao enxeñeiro de Camiños municipal don Óscar Souto Muíño, ao que, de conformidade co establecido no art. 62 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias con fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada".

Visto que se asinou o correspondente contrato o día 19 de xuño de 2020.

Visto o informe emitido con data 4 de setembro de 2020 pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal no que establece que "Seguindo as indicación do xefe da sección de servizos, a persoa designada para levar a cabo estas funcións de Dirección de Obras do proxecto de referencia deberá ser a técnica que subscribe polo que se propón o cambio de designación".

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Designar como directora de obra e responsable do contrato para a execución da obra de "Mellora da pavimentación no Camiño de Brexo e Mercurín", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concello) POS+2019 da Deputación Provincial da Coruña", á enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, a quen, de conformidade co establecido no art. 62 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Segundo: Notifíquese á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Terceiro: Notifíquese á empresa *Construcciones Poncinano Nieto, S.L.*, adjudicataria da obra "Mellora da pavimentación no Camiño de Brexo e Mercurín", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concello) POS+2019 da Deputación Provincial da Coruña", para a súa constancia e para os efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos catro concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B) Proposta de modificación da dirección de obra e responsable do contrato da obra "Mellora da pavimentación no Camiño de Penouviña", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concello) POS+2019 da Deputación Provincial da Coruña". Expediente núm. 2019/C003/000007

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 4 de setembro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto o expediente de contratación incoado co número 2019/C003/000007 para a contratación por procedemento aberto simplificado da obra "Mellora da pavimentación no Camiño de Penouviña", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concello) POS+2019 da Deputación Provincial da Coruña".

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de xuño de 2020 polo que se adjudicou a obra á empresa *Construcciones Ponciano Nieto, S.L.*, no que figura no seu apartado sexto: "*Designar como director de obra e responsable do contrato ao enxeñeiro de Camiños municipal don Óscar Souto Muíño, ao que, de conformidade co establecido no art. 62 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias con fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada*".

Visto que se asinou o correspondente contrato o día 19 de xuño de 2020.

Visto o informe emitido con data 4 de setembro de 2020 pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal no que establece que "*Seguindo as indicación do xefe da sección de servizos, a persoa designada para levar a cabo estas funcións de Dirección de Obras do proxecto de referencia deberá ser a técnica que subscribe polo que se propón o cambio de designación*".

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Designar como directora de obra e responsable do contrato para a execución da obra de "Mellora da pavimentación no Camiño de Penouviña", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concello) POS+2019 da Deputación Provincial da Coruña", á enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, a quen, de conformidade co establecido no art. 62 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Segundo: Notifíquese á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Terceiro: Notifíquese á empresa *Construcciones Poncinano Nieto, S.L.*, adjudicataria da obra "Mellora da pavimentación no Camiño de Penouviña", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concello) POS+2019 da Deputación Provincial da Coruña", para a súa constancia e para os efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos catro concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

C) Proposta de adjudicación da obra denominada "Paso de lontras baixo a estrada AC-221 no encoro de Abegondo-Cecebre" á entidade Jardinería Arce, S.L., no prezo ofertado de 11.852,70 € sen IVE, 14.341,77 € IVE incluído. Expediente núm. 2020/C002/000104

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 8 de setembro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data 18/02/2020 asínase a Memoria valorada polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, don Óscar Souto Muiño, aprobada polo Pleno municipal, na súa sesión ordinaria do día 27 de agosto de 2020.

Con data 19/02/2020 emítese informe urbanístico de viabilidade asinado polo arquitecto Municipal, don José Ramón Díaz Barbeito.

Con data 15/07/2020 emítese proposta-informe de necesidade de contratación asinado pola enxeñeira técnica de Obras Públicas Municipal, o concelleiro de Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade e pola Concelleira Delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, no que se motiva a necesidade da obra de "Paso de lontras baixa a estrada AC-221 no encoro de Abegondo-Cecebre, tal e como se indica a continuación:

"O 11 de xuño de 2020 o concejal delegado da área de Educación, Medio Ambiente, Movilidad y Sanidad, D. Miguel Angel Gutierrez Nieto, asina aceptación expresa da distribución da axuda proposta polo GDR, ao amparo da RESOLUCIÓN do 18 de decembro de 2019 pola que se convocan, mediante tramitación anticipada de gasto, subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo) da medida Leader do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2020 e 2021, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural.

Neste mesmo escrito, comprométese tamén á de execución e xustificación do proxecto dentro do prazo máximo estipulado nas bases, sento este ate o 15 de outubro de 2020.

*Dado el importe de la obra (15.257,20 € IVA excluido <50.000,00 €), e as datas mas que nos atopamos, e no habendo recibido ainda formalmente a notificación da resolución de concesión da subvención, en vista dos prazos administrativos mínimos para su licitación y adjudicación por un procedimiento abierto (mínimo 39 días hábiles, 10 días licitación, 5 días presentación de ofertas y 24 días adjudicación), los prazos mínimos de ejecución y justificación de las obras (mínimo 10 semanas entre aprobación de planes, ejecución de obra y pago de certificaciones), resulta imposible justificar la ejecución de la obra en la fecha límite fijada por un procedimiento abierto, por lo que se propone se licite por **contrato menor** tratándose ésta además de una obra de ejecución sencilla.*

Según lo recogido en un informe del Grupo Naturalista Hábitat de fecha de 3 de Abril del 2018, en el embalse de Abegondo-Cecebre, existe una pequeña población de nutrias que circulan entre el río Mero y la lámina de agua del Embalse. Esta población se ve afectada por la situación de atropellos que sufre en la carretera AC-221, llegando a registrarse un total de 4 atropellos en el año 2017, lo que ponen en riesgo a correcta conservación de la especie.

Estos atropellos se produjeron en las cercanías de la curva coincidente con el inicio del paseo fluvial al lado del río Mero (coordenadas geográficas UTM: X 556.965 y Y 4.792.285 -Huso 29. Datum ETRS89), Ayuntamiento de Cambre.

En el citado informe de Hábitat, se hace constar que en un período de apenas 12 meses (enero 2017 - enero 2018) se produjeron al menos 4 atropellos mortales de esta especie en el entorno del área indicada, por lo que se considera conveniente la adopción de medidas que permitan paliar esta situación, que afecta de una manera evidente a la fauna silvestre del entorno de este espacio natural protegido.

En lo que respeta al embalse de Abegondo-Cecebre, este espacio agrupa diferentes figuras de protección a nivel europeo e internacional:

- Zona de Especial Protección de los Valores Naturales (Decreto 72/2004, de 2 de abril).
- Zona Especial de Conservación (Decreto 37/2014, de 27 de marzo).
- Zona Núcleo de la Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas y Terras del Mandeo.

Estos reconocimientos destacan el valor ambiental de este área natural, y la importancia de corregir los impactos que las infraestructuras puedan producir sobre la flora y fauna existente en la zona y que resulta una prioridad de cara a la conservación de la biodiversidad y de la riqueza natural del área.

En la búsqueda de darle una solución a esta problemática, se propone la creación de un paso inferior para pequeños vertebrados, que puedan emplear las nutrias, otros carnívoros pequeños y de mediano tamaño y , reptiles.

Para este paso, se crearía un canal por debajo de la carretera AC-221, coincidiendo con el punto de paso registrado y de mayor frecuencia de atropellos.

La presente memoria denominada "**Paso de nutrias bajo AC-221 en el embalse de Abegondo-Cecebre**", Cambre", cumple con la Normativa en vigor de la Presidencia del Gobierno, del Ministerio de Fomento, según la relación que se incluye en el pliego, y demás normativas de aplicación de Galicia".

No mesmo documento xustifícase o non fraccionamento do contrato:

"A contratación pretendida non supón fraccionamento algún, xa que a execución da memoria é unha prestación diferenciada, con autonomía propia.

... o concello non dispón dos medios técnicos e humanos necesarios para realizar o traballo, considérase necesario a contratación dunha empresa externa para a súa realización, considerando que a actuación que se pretende contratar é adecuada para o fin perseguido".

Todo isto, de conformidade co artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

Con data 23/07/2020 emítase documento de "Retención de crédito" pola Intervención municipal no que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 1722.60900.

Con data 04/08/2020 emítase informe polo enxeñeiro de Camiños Municipal e Xefe de Sección de Servizos, no que consta que foron invitadas as seguintes empresas:

- Jardinería Arce, S.L.
- Excavaciones J. Cancela Esmoris, S.L.
- Construcciones Ponciano Nieto, S.L.
- Excavaciones y Obras Candal, S.L.

e que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan, co seguinte resultado:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
Jardinería Arce, S.L.	11.852,70 €	14.341,77 €
Excavaciones J. Cancela Esmoris, S.L.	12.440,00 €	15.052,40 €
Construcciones Ponciano Nieto, S.L.	12.500,00€	15.125,00 €
Excavaciones y Obras Candal, S.L.	12.500,00 €	15.125,00 €

formulando proposta de adjudicación da obra "Paso de lontras baixo a estrada AC-221 no encoro de Abegondo-Cecebre", á entidade Jardinería Arce, S.L. con NIF B1554...., e domicilio na rúa Manuel Murguía, 4-6, entresollado, 15011,A Coruña, no prezo ofertado de 11.852,70 € sen IVE, 14.341,77 € IVE incluído, por ser a

licitadora que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Consta no expediente certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Respecto dos requisitos non acreditados no citado certificado, con data de 3 de setembro de 2020, mediante escrito rexistrado de entrada ao número 202099900002577, a empresa adxudicataria completa a dita información, acreditando estar ao corrente coas obrigas tributarias do Estado.

Consta, así mesmo, informe emitido pola tesoureira municipal no que se acredita que a empresa adxudicataria tampouco ten débedas pendentes co Concello e Cambre.

Con data 4 de setembro de 2020 emitíuse informe pola secretaria accidental.

Con data 7 de setembro de 200 emitíuse informe de fiscalización JUA núm. 259/2020 polo interventor municipal.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o documento denominado “Proposta-informe de necesidade” de contratación da obra denominada “Paso de lontras baixo a estrada AC-221 no encoro de Abegondo-Cecebre”, asinado pola Enxeñeira técnica de Obras Públicas Municipal, o concelleiro delegado da Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade e pola concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, cun orzamento de 12.609,26€ sen IVE, 15.257,20 € IVE incluído.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 1722 60900.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2020/C002/000104, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o contrato da obra denominada “Paso de lontras baixo a estrada AC-221 no encoro de Abegondo-Cecebre”, á entidade Jardinería Arce, S.L. con NIF B1554...., e domicilio na rúa Manuel Murguía, 4-6, entresollado, 15011,A Coruña, no prezo ofertado de 11.852,70 € sen IVE, 14.341,77 € IVE incluído, por ser a licitadora que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como responsable do contrato á Enxeñeira Técnica e Obras Públicas a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese á Enxeñeira Técnica e Obras Públicas, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.



Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos catro concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dez horas e nove minutos, do que eu, secretaria, certifico.

A presidenta

Elisa Pestonit Barreiros

A secretaria accidental

Verónica María Otero López